

6



6) PERMUTAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO. PERMUTAS CON E SEN MODIFICACIÓN DE LINDES.

Introdución e obxectivos



Defínense as permutas de especial interese agrario como un mecanismo especialmente axeitado para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio. Mediante este mecanismo, levarase a cabo a eliminación de servidumes de paso e de encravados.

Estas permutas están incluídas na reestruturación parcelaria e tamén no proceso de adxudicación dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións de xestión conxunta.

Requisitos

Enténdese como permutas de fincas agroforestais de especial interese agrario aquelas permutas que cumpran, en todas ou en parte das parcelas, un ou varios dos seguintes requisitos:

- a. Permutas que contribúan á adecuación dos usos do solo ás previsións de Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.
- b. Permutas de fincas incluídas en procedementos de reestruturación parcelaria pública de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Neste caso, a totalidade das parcelas partícipes deberán estar incluídas no perímetro da zona de reestruturación.
- c. Permutas empregadas como instrumentos de mobilización nos casos dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as actuacións de xestión conxunta.
- d. As permutas que contribúan á eliminación de servidume de paso.
- e. As permutas nas que interveñan unha ou máis parcelas que pertencen a AGADER.
- f. Aquelas permutas non incluídas en casos anteriores, pero que sexan consideradas como de especial interese por resolución da AGADER, previo informe dos servizos técnicos competentes.
- g. As permutas que permitan ás persoas titulares de fincas agroforestais eliminar as parcelas enclavadas das súas terras, sempre que contribúan á mellora sostible, e sempre que se de unha das seguintes circunstancias:
 - Explotacións amparadas marcas de calidade de carácter oficial.
 - Explotacións dedicadas a explotación ecolóxica.
 - Explotación gandeiras de carácter expansivo ou que a eliminación de parcelas enclavadas contribúa a súa extensificación.
 - Explotacións forestais que dispoñan ou estean incluídas en instrumentos de ordenación/xestión forestal.
 - Explotacións gandeiras que requiran das parcelas enclavadas para a mellora da súa base territorial.

As permutas de fincas agroforestais de especial interese agrario lévanse a cabo con ou sen modificación nos lindes das fincas resultantes, e poden permutar sen modificación de lindes, con modificación de lindes ou permutas para a eliminación de parcelas enclavadas.

Permutas sen modificación de lindes

O proceso de permuta, poderá levarse a cabo sen modificación dos lindes das fincas permutadas a petición de un mínimo de dúas persoas titulares. As persoas titulares deberán de asinar por adiantado o acordo para realizar a permuta e permitir a colaboración de AGADER na súa realización.

Este tipo de permuta solo poderá ser considerada de especial interese agrario sempre que, cumprindo os requisitos expostos anteriormente, exista unha diferenza de valor entre as fincas totais que se van a permutar inferior ó 50% do valor máis alto. A diferenza será compensada economicamente salvo que dito valor non supere o 10%.

Beneficiarios

- As parcelas obxecto de permuta deberán estar situadas na mesma parroquia ou en parroquias limítrofes (sexan ou non do mesmo concello).
- Se non están situadas en parroquias limítrofes, ó menos unha das parcelas debe ser limítrofe con outra propiedade dunha das persoas titulares da permuta.

AGADER levará a cabo os pertinentes traballos de índole técnica, valoración, asesoramento e fará de intermediario entre as persoas participantes.

Permutas con modificación de lindes

Beneficiarios

Conxunto de fincas limítrofes entre si, parcial ou totalmente, pertencentes a un mínimo de dúas persoas titulares. Desta maneira, para a realización do procedemento, considerarase o conxunto de parcela como unha superficie única.

Farase unha nova repartición da superficie total, e cada beneficiario recibirá unha ou máis parcelas de valor igual ó da súa aportación. Para isto, a AGADER levará a cabo un estudo técnico de reestruturación para asegurar a equivalencia entre o valor das aportacións e das parcelas resultantes.

Fomento das permutas



Unha vez declarado o conxunto de permutas como de interese agrario, AGADER poderá:

- Realizar traballos de limpeza, posta en cultivo ou melloras.
- Asesorar aos permutantes no proceso de permuta e nas súas consecuencias tanto fiscais como patrimoniais.
- Compartir os datos das fincas permutadas ó catastro.
- Establecer liñas de axuda para inmatriculación rexistral.



CONTACTO

Asociación de Grupos De
Desenvolvemento Rural De Galicia
Rúa San Marcos, s/n
15318 – Abegondo
(A Coruña)
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

